

HOXE CHEGA O MAGOSTO

Hoxe chega o Magosto á escola de Campolongo, nesta leda e máxica festa de outono, onde o brillo dos ollos dos rapaces tingue de emocións a mañá, deixando un ronsel de sorrisos neste lúdico día de novembro.

Renacen as chamuscas do Magosto e fanlle reverencia ao cinsento ceo pontevedrés, debuxando na extensión deste encontro de fantasía o asombro dos cativos, amencido coa mirada poboada de desexos de aventura para inaugurar este espazo a carón da lumieira de improvisadas sorpresas, nese estalo de entusiasmo ancorado no segredo da tenrura.

Celebramos o engado e o misterio deste ritual, colocando labaradas de agarimo na solapa dos labios, nun ambiente de alegría e divertimento, mentres arde a leña e asan as saborosas castañas.

Agroma a ilusión renovada nas sílabas das palabras, urdidoira de fermosas cantigas guindadas ao ar, coa diversión, as troulas, os enredos, as lérias e as bromas en abundancia.

Hoxe rexorde unha vez máis o bulicio e a paixón nesta festa fabulada, atesourados de encantamento e ardentía, para ser memoria e tacto ondulado aniñando na nosa ollada, e perdurar como melodía fermosa na chaira do aire aledando coas pálpebras do vento o acontecer destes marabillosos momentos.

Campolongo novembro 2014 EDL